



MIGUEL BAUTISTA CARBALLO deputado do GRUPO SOCIALISTA da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e ó Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A INCLUSIÓN DUNHA PARTIDA ORZAMENTARIA NA VINDEIRA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REFERENTE Á ESTRADA OU-0807 A SAN VICENTE DE LEIRA**

EXPOSICION DE MOTIVOS

Os membros do Grupo Socialista levamos moitos anos preocupándonos por un dos atropelos máis grandes que se teñen producido nesta provincia contra as veciñas e veciños dunha parroquia. Estamos a falar de San Vicente de Leira, un pobo de Vilamartín de Valdeorras que despois de máis de 15 anos con gravísimos problemas na súa estrada de acceso, propiedade da Deputación de Ourense, segue sen atopar ningunha solución os seus problemas.

O Presidente da Deputación, tanto o actual como anterior, nunca afrontaron este grave problema, e parece que empregan a táctica de deixar que a parroquia esmoreza e os seus veciños morran para non ter que dar solución a este gravísimo atropelo.

O Grupo Socialista xa ten presentado dúas mocións sobre este asunto en 2012 e 2014. Na última delas quedouse en constituír un grupo de traballo, e licitar un proxecto de trazado.

Os meses pasan, os anos pasan, e a Deputación e o seu Presidente mostran a súa inoperancia ó ser incapaces de atopar unha solución para estes veciños. Parece que este non está atento ós problemas dos ourensáns e sí a outro tipo de problemas persoais.

Mentres todos os meses vemos como se realizan modificacións de crédito e estas partidas van para atender gastos protocolarios, de publicidade, prensa e moitas ideas peregrinas, non se atenden os gravísimos problemas desta provincia. Por todo elo, propoñemos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO a consideración do Pleno:

Aprobar unha modificación de crédito nos vixentes orzamentos de 2016 por un importe de 1.500.000 € para as actuacións iniciais na estrada OU-0807 a San Vicente de Leira, e incluír nos vindeiros exercicios orzamentarios as partidas necesarias para a conclusión de dita obra.

En Ourense a 13 de maio de 2016

Miguel Bautista Carballo

SR.PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE